

RESOLUCIÓN DA CONCELEIRA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA, POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DO PERSOAL AUXILIAR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE XESTOR/XESTORA DE CONTIDOS E SOPORTE DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE DE COMETIDOS ESPECIAIS, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2017 E 2020, POLA QUENDA LIBRE.

En data 03/05/2021, o tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a provisión de unha praza de xestor/xestora de contidos e soporte de administración electrónica, grupo C, subgrupo C1, da escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase de cometidos especiais, incluída na oferta de emprego público dos anos 2017 e 2020, pola quenda libre, na súa sesión constitutiva e consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo, publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 175, de data 10 de setembro de 2020, emitiu unha proposta de nomeamento de persoal asesor, que conta na acta de constitución do tribunal cualificador e que resulta do teor literal seguinte:

“(…) PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR.- Unha vez determinadas as medidas de prevención e hixiene fronte á COVID e as condicións a cumprir no chamamento dos opositores no primeiro exercicio da fase de oposición, o Tribunal cualificador acorda propoñer que se **incorpore**, en calidade de membro auxiliar, **para a elaboración do quinto exercicio**, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades elementais de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Jesús Lorenzo Ron, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas da Unidade de Día.

En segundo lugar acorda propoñer que se incorpore, en calidade de membro asesor **do terceiro exercicio**, sobre coñecemento do idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodríguez, asesora lingüística do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra (...)”

En consecuencia, ao abeiro da base 8ª das bases xerais reguladoras da convocatoria e de conformidade coa proposta do tribunal cualificador arriba reproducida, esta concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións, delegadas pola Alcaldía mediante decreto da Alcaldía de data 15/06/2019,

RESOLVE:

Primeiro.- Designar en calidade de membro auxiliar, **para a elaboración do quinto exercicio**, consistente na realización dunha proba de coñecemento práctico, a nivel usuario, de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades elementais de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.), a don Jesús Lorenzo Ron, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas da Unidade de Día.

Segundo.- Designar, en calidade de membro asesor **do terceiro exercicio**, sobre coñecemento do idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodríguez, asesora lingüística do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio sito na rúa de Michelena número 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal)

Así o ordena e dispón a concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da Administración Municipal, dou fe.

